

# ACTA 2015-1

PRIMEIRA CONVOCATORIA

PLENO ORDINARIO  
20 de Febreiro de 2015

Lugar

SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO

Hora de Inicio

17:02

Hora de Finalización

17:36

Presidente: FRANCISCO RODRIGUEZ RODRIGUEZ

Secretario: LAURA FERNÁNDEZ PERMUY

Interventor: LAURA FERNÁNDEZ PERMUY

## MEMBROS ASISTENTES

ALBERTO NUÑEZ ESTEVEZ

CAMILA DIEGUEZ ARIAS

JOSE LUIS GONZALEZ RODRIGUEZ

JOSE VAZQUEZ PEREZ

PILAR BARRUECO SALVADOR

SERVANDO PEREZ MATIAS

Pola Presidencia declarase aberta a sesión ao existir quorum suficiente e sendo a hora sinalada, pasase a tratar os seguintes asuntos, que conforman a orde do día e que foron legal e previamente notificados

## ASUNTOS :

APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO DÍA DEZANOVE DE DECEMBRO DE 2014

Téndose remitido ós Sres./as. concelleiros/as a acta da sesión plenaria que tivo lugar o día 19 de decembro de 2014, o Sr. Presidente, convida ós asistentes, a que manifesten a súa conformidade, reparos ou observacións ao texto proposto.

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal mixto, Sra. Barrueco Salvador, fai lectura do escrito presentado no mesmo Pleno, que se recolle literalmente a petición da Sra concelleira

*"No apruebo el acta de fecha 19 de diciembre de 2014, por no estar de acuerdo en lo siguiente:*

*1.- En el punto de ruegos y preguntas, cuando el Sr. Alcalde va a leer sus respuestas a mis preguntas del pleno anterior, le solicité me pase una copia para poder verificar que costarán así en acta, a lo que entre otras cosas que constan en acta me dice que estoy poniendo a los funcionarios en evidencia, a lo que yo le respondo que no pongo en evidencia a nadie, que tengo motivos para no fiarme, a lo que me contesta y yo para no dártelo.*

*2.-Tampoco consta en acta que al final del pleno le vuelvo a solicitar la copia de las respuestas a lo que me contesta, que me repite, no se las voy a entregar, yo le digo que si no tiene nada que ocultar me la entregaría, estando yo hablando el Sr. Alcalde levanta el pleno, sin dejar que terminase de hablar, lo que me parece una falta de respeto, pidiéndole por mi parte a la Sr. Secretaría que constase en acta, y no consta.*

*Que conste en acta literalmente sin traducir."*

Non promovéndose máis debate, sometida a acta a votación, resultou aprobada por **maioría absoluta** (seis votos a favor do grupo municipal do PP e un voto en contra do grupo mixto) **dos membros presentes da Corporación.**

## DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA

Polo Sr. Presidente, dase conta ao Pleno, das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre os días 15 de decembro e 16 de febreiro (núm. 179/2014 a 23/2015), que estiveron a disposición dos membros do Pleno, ca demais documentación da convocatoria.

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal mixto, Sra. Barrueco Salvador, fai lectura dun escrito presentado no mesmo Pleno e que se recollen literalmente a petición da Sra concelleira:

*"Decretos.*

*Decreto 180/2014,*

*Mediante este decreto prorroga los presupuestos del ejercicio 2014, con la excusa de que no fue posible la aprobación definitiva de presupuestos de 2015 en las fechas previstas por el Real Decreto 2/2014 de 5 de marzo por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley de Haciendas Locales, cual es el motivo por el que todos los años se aprueban los presupuestos fuera de los plazo que marca la ley, o no se hagan como en el año 2013.*

*Decretos 9/2015, 10/2015 y 11/2015.*

*Sr. Alcalde mi podría decir de que tratan estos decretos, no me extraña que haciendo decretos endiferidos, yo tenga que preguntar, ya que no los entiendo, no me extraña que usted me diga que no me puede contestar.*

*Que conste en acta literalmente sin traducir."*

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e indica que xa lle contestará no seguinte Pleno.

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal mixto, Sra. Barrueco Salvador, indica que debería aprender a lección e saber os decretos

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e responde que si el tivera as preguntas antes, sí que lle contestaría.

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal mixto, Sra. Barrueco Salvador, indica que ela viu a documentación en dous días.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e responde, que o decreto núm. 180/2014 dí o que di e o reproduce.

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal mixto, Sra. Barrueco Salvador, pregunta por que aproba os orzamentos fóra de prazo.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e responde, que os orzamentos, se traen sempre cando marca a lei, xa que se poden traer durante todo o ano.

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal mixto, Sra. Barrueco Salvador, indica que si se fixeran no prazo non se tiña que facer ese decreto.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e responde, que a lei permite prorrogar os orzamentos.

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal mixto, Sra. Barrueco Salvador, pregunta polos decretos núms. 9,10 e 11 do 2015.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e responde, que o único que din, é que se lles concede o servizo de axuda no fogar, as persoas que o solicitaron.

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal mixto, Sra. Barrueco Salvador, pregunta a quen.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e responde, que non teñen que dar os datos persoais, xa que esos datos os ten servizos soicais e son datos protexidos.

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal mixto, Sra. Barrueco Salvador, indica que os datos protexidos non son os nomes e apelidos.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e responde, que queda claro no decreto para o que é.

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal mixto, Sra. Barrueco Salvador, indica que non se sabe para quen é, e continúa decindo que ela ten o dereito e o Alcalde a obriga de dicir a quen se lle presta o servizo.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e responde, que xa está contestado.

## ELECCION DO/A XUIZ/A DE PAZ SUBSTITUTO

Por parte da Sra. Secretaria - Interventora, dase conta ós membros asistentes, da Proposta da Alcaldía, do día 30 de xaneiro de 2015, que estivo a disposición de tódolos membros da corporación e da que seguidamene se transcribe literalmente o texto íntegro:

### "PROPOSTA DA ALCALDÍA Ó PLENO

Estando próximo a vencer, o período polo que se nomeou Xuíz de paz substituto deste Concello,

O día 9 de xaneiro de 2015, publicóuse no *Boletín Oficial da Provincia* de Ourense, o edicto do Alcalde deste Concello, polo que se abría o período de presentación de instancias, para cubrir o cargo de Xuíz de paz substituto.

Que segundo consta no certificado de Secretaría, presentouse solicitude para participar na convocatoria de Xuíz de paz substituto, por parte de: D. Juan Carlos González Matías.

De acordo cos artigos 22.2.p) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, e 6 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz,

Propoño ao Pleno, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Que D. Juan Carlos González Matías, con DNI 34968936N, con domicilio en Celeiros, sexa nomeado Xuíz de paz substituto, deste municipio.

SEGUNDO. Que se dé traslado deste acordo, ó Xuíz de primeira instancia e instrucción do partido xudicial de Pobra de Trives, quen o remitirá á sala de goberno (artigo 101.3 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e o artigo 7 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz)" e ó Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para a súa constancia.

Chandrea de Queixa, 30 de xaneiro de 2015"

Non promovéndose debate, sometida esta proposta a votación, resultou aprobada por **unanimidade** (sete votos a favor do grupo municipal do PP e do grupo mixto) **dos membros presentes da Corporación.**

## RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITOS Nº 1/2015

Por parte da Sra. Secretaria - Interventora, dase conta ós membros asistentes, da Proposta da Alcaldía, do día 13 de febreiro de 2015, que estivo a disposición de tódolos membros da corporación e da que seguidamene se transcribe

literalmente o texto íntegro:

**"PROPOSTA DE ALCALDÍA**

*Vistos os documentos que integran o expediente (as facturas expedidas polos acredores, así como a acreditación da existencia de crédito dispoñible, suficiente e axeitado para facer fronte ó recoñecemento das correspondentes obrigas).*

*Considerando que na súa tramitación cúmprense os requisitos que sinala a lexislación vixente nesta materia (artículo 60 do Real Decreto 500/90, de 20 de Abril, o artículo 50 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro e artículo 448 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril) e visto, así mesmo, o Informe de Secretaría-Intervención, proponse a adopción do seguinte acordo,*

*1º) Que se aprobe o recoñecemento extraxudicial de crédito, por importe total de catro mil oitocentos doce euros e catro céntimos (4.812,04 €), co seguinte detalle:*

<b>PROVEEDOR</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE</b>
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, SA	Consumo electricidade colexio decembro	148,96
GAS NATURAL S.U.R. SDG, SA	Consumo electricidade Dependencias/alumeado público decembro	4.195,49
COMERCIAL AGRARIA MARTINEZ, SL	Mantemento do tractor	467,59

*2º) Que a aprobación deste gasto de lugar ás anotacións contables e orzamentarias que legalmente xenere."*

Non promovéndose debate, sometida esta proposta a votación, resultou aprobada por **maioría absoluta** (seis votos a favor do grupo municipal do PP e un voto en contra do Grupo Mixto) **dos membros presentes da Corporación.**

**APROBACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO USO DA FACTURA ELECTRÓNICA**

Por parte da Sra. Secretaria - Interventora, dase conta ós membros asistentes, da Proposta da Alcaldía, do día 3 de febreiro de 2015, que estivo a disposición de tódolos membros da corporación e da que seguidamene se transcribe literalmente o texto íntegro:

**"PROPOSTA DE ALCALDÍA**

*Visto que a Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable no Sector Público establece no seu artigo 4 que todos os provedores que entregaran bens ou prestaran servizos á Administración Pública poderán expedir e remitir factura electrónica, estando obrigados ao uso da mesma unha serie de entidades relacionadas no precitado artigo.*

*Visto que o dito artigo establece que as Administracións Públicas poderán excluír regulamentariamente desta obriga de facturación electrónica ás facturas cuio importe sexa de ata 5.000,00 € e as emitidas polos provedores aos servizos no exterior das Administracións Públicas ata que ditas facturas poidan satisfacer os requirimentos para a súa presentación a través do Punto Xeral de entrada de facturas electrónicas, de acordo coa valoración do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e os servizos no exterior dispoñan dos medios e sistema axeitados para a súa recepción en ditos servizos.*

*Considerando a conveniencia de regular regulamentariamente neste Concello a exclusión da obriga de facturación electrónica a estes supostos.*

*Visto o informe de secretaria- Intervención do 3 de febreiro de 2015.*

**PROPOÑO ao Pleno do Concello a adopción do seguinte ACORDO:**

*PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a Ordenanza Municipal Reguladora do uso da factura electrónica no Concello de Chandrexa de Queixa.*

## **ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO USO DA FACTURA ELECTRÓNICA NO CONCELLO DE CHANDREXA DE QUEIXA**

### **Exposición de motivos.-**

*A Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable no Sector Público establece no seu artigo 4 que todos os provedores están obrigados ao uso da factura electrónica e a súa presentación, a través do punto xeral de entrada que corresponda.*

*Estabelece tamén o dito artigo, que as Administracións Públicas poderán excluír regulamentariamente desta obriga de facturación electrónica ás facturas cuxo importe sexa de ata 5.000,00 € e as remitidas polos provedores aos servizos no exterior das Administracións Públicas.*

*Tendo en conta as características dos provedores cos que traballa esta Entidade local, considerase necesario facer uso desta facultade de exclusión para así evitar que determinados provedores teñan dificultades para a xestión das facturas emitidas.*

*A entrada en vigor do artigo 4 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, como recolle a súa Disposición Final 8ª, sobre a obriga de presentación de factura electrónica a partir do 15 de xaneiro de 2015, fai necesario regular esta facultade das Administracións Públicas de excluír da obriga da factura electrónica.*

### **Artigo 1º.- Punto xeral de entrada de facturas electrónicas.**

*En cumprimento da obriga deste Concello de dispor de un Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas para permitir a presentación electrónica de todas as facturas e outros documentos emitidos polos provedores e contratistas, o Concello de Chandrexa de Queixa adhiúrese ao punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración do Estado (FACE), dispoñible na URL <https://face.gob.es/es/>, cuxa recepción de facturas terá os mesmos efectos que se deriven da presentación dos mesmos no rexistro administrativo.*

### **Artigo 2º.- Uso da factura electrónica.**

*De conformidade co artigo 4 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación dun rexistro contable das facturas no Sector Público, todos os provedores que entregaran bens ou prestaran servizos á Administración Pública poderán expedir e remitir factura electrónica. En todo caso estarán obrigados ao uso da factura electrónica e a súa presentación a través do punto xeral de entrada que corresponda as seguintes entidades:*

*Sociedades anónimas*

*Sociedades de responsabilidade limitada*

*Persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española*

*Establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes no territorio español nos termos que establece a normativa tributaria*

*Unións temporais de empresas*

*Agrupacións de interese económico, Agrupacións de interese económico europeo, Fondo de pensións, Fondo de capital de risco, Fondo de inversión, Fondo de utilización de activos, Fondo de regularización do mercado hipotecario, Fondo de Titulización hipotecaria ou Fondo de garantía de inversión.*

*En virtude da potestade regulamentaria conferida de acordo co apartado 2º do referido artigo 4º, estarán excluídas da obriga de facturar electrónicamente a este Concello de Chandrexa de Queixa as facturas de ata un importe de 5.000,00 €, engadidos impostos.*

*Igualmente, quedan excluídas as facturas emitidas polos provedores aos servizos no exterior, ata que ditas facturas poidan satisfacer os requirimentos para a súa presentación a través do Punto Xeral de entrada de facturas electrónicas, de acordo coa valoración do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e os servizos no exterior dispoñan dos medios e sistemas apropiados para a súa recepción en ditos servizos.*

*Establecer que os códigos DIR3 do Concello de Chandrexa de Queixa, de acordo coa súa estrutura organizativa, son os seguintes:*

*Código da oficina contable: CONCELLO DE CHANDREXA DE QUEIXA*

*Código do órgano xestor: CONCELLO DE CHANDREXA DE QUEIXA*

*Código da unidade tramitadora: CONCELLO DE CHANDREXA DE QUEIXA*

*Estes códigos serán indispensables para a remisión de todas as facturas electrónicas.*

### **Disposición final única.-**

A presente Ordenanza entrará en vigor a partir da publicación de seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, sempre que transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local.

SEGUNDO.- Expoñer ó público o expediente polo prazo de trinta días hábiles, a efectos de exame e reclamacións de conformidade co establecido polo artigo 49 da Lei 7/1985 de 18 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

TERCEIRO.- Que no suposto de non presentarse reclamacións se considerará definitivamente aprobada a Ordenanza de referencia que entrará en vigor unha vez publicada íntegramente no BOP de Ourense e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 18 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co establecido no artigo 23 da Lei da Xurisdición Contencioso-Administrativa, poderase interpor recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses que comezarán a contarse a partires do día seguinte ó da súa publicación no BOP. Todo isto sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se considere oportuno."

Non promovéndose debate, sometida esta proposta a votación, resultou aprobada por **maioría absoluta** (seis votos a favor do grupo municipal do PP e unha abstención do grupo mixto) **dos membros presentes da Corporación.**

## APROBACION INICIAL DO ORZAMENTO DO ANO 2015

Por parte da Sra. Secretaria - Interventora, dase conta ós membros asistentes, da Proposta da Alcaldía, do día 11 de febreiro de 2015, que estivo a disposición de tódolos membros da corporación e da que seguidamene se transcribe literalmente o texto íntegro:

### "PROPOSTA DA ALCALDIA.

#### **PROXECTO DE ORZAMENTO PARA O EXERCICIO DO 2015: BASES DE EXECUCIÓN. PLAN DE INVERSIÓNS. PLANTILLA ORZAMENTARIA**

Dada conta do expediente ó efecto, no que consta o informe preceptivo da Intervención Municipal, a Presidencia somete á consideración do Pleno a aprobación do referido Orzamento para o exercicio do 2015.

Propoño ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Proxecto do Orzamento Municipal para o exercicio 2.015, que a continuación queda fixado, tanto en gastos como en ingresos nun total de **UN MILLÓN CATROCENTOS VINTE MIL OITOCENTOS CINCONTA E SEIS EUROS E CORENTA E OITO CÉNTIMOS** asignadas a cada un dos capítulos as seguintes cantidades.

#### ESTADO DE GASTOS.

1.- GASTOS DE PERSOAL .....	279.355,73 €
2.- GASTOS DE BENS CORRENTES SERVICIOS. ....	380.716,71 €
3.- GASTOS FINANCIEROS. ....	3.000,00 €
4.- TRANSFERENCIAS CORRENTES .....	11.100,00 €
6.- INVESTIMENTOS REAIS. ....	746.684,04 €
7.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL.....	0,00 €
8.- ACTIVOS FINANCIEROS.....	0,00 €
9.- PASIVOS FINANCIEROS .....	0,00 €
<b>TOTAL ESTADO DE GASTOS.....</b>	<b>1.420.856,48 €</b>

#### ESTADO DE INGRESOS.

1.- IMPOSTOS DIRECTOS .....	340.420,83 €
2.- IMPOSTOS INDIRECTOS.....	400,00 €
3.- TAXAS E OUTROS INGRESOS.....	40.370,00 €
4.- TRANSFERENCIAS CORRENTES.....	343.656,75 €

5.- INGRESOS PATRIMONIAIS.....	10.616,19 €
6.- ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS.....	0,00 €
7.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL.....	685.392,71 €
8.- ACTIVOS FINANCEIROS.....	0,00 €
9.- PASIVOS FINANCEIROS.....	0,00 €
<b>TOTAL ESTADO DE INGRESOS .....</b>	<b>1.420.856,48 €</b>

Resultando que o Orzamento non presenta déficit inicial co que cumpre os requisitos establecidos legalmente.

De conformidade co artigo 21.6 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril por el que se desarrolla el capítulo primero del título sexto de la Ley 39/1988, de 28 de diciembre, reguladora de las Haciendas Locales, en materia de presupuestos, se antes da aprobación definitiva do orzamento se aproba algunha modificación de crédito destinada aos proxecto de execución dos anexos de inversión que se recollen neste orzamento, ditas modificacións de crédito entenderase engadidas nos créditos iniciais, polo que deberán anularse.

SEGUNDO.- Aprobar o anexo de persoal e as remuneracións do persoal municipal para o exercicio de 2015, conforme se recollen no anexo de persoal.

TERCEIRO.- Aprobar as bases de execución do dito.

CUARTO.- Expoñelo ao público mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 169.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

QUINTO.- Se durante o dito prazo non se presentaran reclamacións, o orzamento municipal considerárase definitivamente aprobado, de acordo co disposto no artigo 169.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e entrará en vigor unha vez publicado o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia.

SEXTO.- Remitirlle unha copia do orzamento definitivamente aprobado á Comunidade Autónoma e ó Ministerio de Economía e Facenda, para cumprir co disposto no artigo 169.4 do Real decreto legislativo 2/2004."

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal mixto, Sra. Barrueco Salvador, fai lectura dun escrito presentado no mesmo Pleno e que se recolle literalmente a petición da Sra concelleira:

"Aprobación inicial del Presupuesto del año 2015".

No apruebo el presupuesto para el año 2015, porque se trata de unos presupuestos anti sociales, nada solidarios con los vecinos, no veo ninguna partida para crear empleo, ni para subvencionar a los vecinos, en temas de servicios sociales e impuestos, etc.... Sin embargo existen unas partidas para pagar sobresueldos, gratificaciones, y otras partidas para dietas y locomoción.

Sr. Alcalde, a 31 de diciembre de 2014, tenemos en él Ayuntamiento unas existencias finales en los Bancos y Cajas de 554.585,01 Euros, en este Ayuntamiento hay personas que carecen de toda clase de ingresos, que lo están pasando muy mal, subsistiendo a cuenta de algún familiar, teniendo en cuenta el superávit que tenemos, SOLICITO, aprobar una partida presupuestaría para ayudas sociales, para los que no tienen ingresos, creo que ser solidarios con los vecinos, en más importante que tener en dinero en los bancos.

Que conste en acta literalmente y sin traducir."

Non promovéndose máis debate, sometida esta proposta a votación, resultou aprobada por **maioría absoluta** (seis votos a favor do grupo municipal do PP e un voto en contra do grupo mixto) **dos membros presentes da Corporación.**

ABOAMENTO DO 25% DA PAGA EXTRAORDINARIA DO ANO 2012

Por parte da Sra. Secretaria - Interventora, dase conta ós membros asistentes, da Proposta da Alcaldía, do día 12 de febreiro de 2015, que estivo a disposición de tódolos membros da corporación e da que seguidamene se transcribe literalmente o texto íntegro:

## **"PROPOSTA DE ACORDO**

*O Real Decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupostaria e de fomento da competitividade, estableceu determinadas modificacións normativas que afectaron ás condicións de traballo e retributivas dos empregados públicos.*

*Con carácter básico, ao abeiro do disposto nos artigos 149.1.13.<sup>a</sup> e 156.1 da Constitución, o artigo 2 da referida norma determinou que no ano 2012 o persoal do sector público definido no artigo 22.Uno da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado, vería reducidas as súas retribucións nas contías que correspondera percibir no mes de decembro como consecuencia da supresión tanto da paga extraordinaria coma da paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes do devandito mes.*

*Para facer efectivo o disposto indicábase a obriga de adoptar medidas, que para o persoal funcionario consistiron na non percepción no mes de decembro das cantidades a que se refería o artigo 22.Cinco.2 da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2012 en concepto de soldo e trienios, así como das contías correspondentes ao resto dos conceptos retributivos que integrasen tanto a paga extraordinaria como a paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes do mes de decembro, e para o persoal laboral na non percepción das cantidades en concepto de gratificación extraordinaria con ocasión das festas de Nadal ou paga extraordinaria ou equivalente do mes de decembro do ano 2012, redución que alcanzaría a todos os conceptos retributivos que formasen parte da devandita paga de acordo cos convenios colectivos que resulten de aplicación. Estas medidas eran de aplicación, así mesmo, ao persoal do sector público.*

*Pola súa banda, para aqueles casos en que non se considerase expresamente no réxime retributivo a percepción de pagas extraordinarias ou se percibisen máis de dous ao ano, a norma prevía a redución unha décimo cuarta parte das retribucións totais anuais excluídos incentivos ao rendimento. A devandita redución ratearíase entre as nóminas pendentes de percibir no exercicio a partir da entrada en vigor do Real Decreto-lei.*

*Por último indicaba que o disposto non sería de aplicación a aqueles empregados públicos cuxas retribucións por xornada completa, excluídos incentivos ao rendimento, non alcanzasen en cómputo anual 1,5 veces o salario mínimo interprofesional establecido no Real Decreto 1888/2011, do 30 de decembro.*

*En cumprimento da referida previsión, O Pleno do concello de Chandrexa de Queixa, mediante Acordo do 14 de decembro de 2012, acordou a declaración de non dispoñibilidade dos créditos orzamentarios das aplicacións do estado de gastos do orzamento xeral do Concello de Chandrexa de Queixa do exercicio 2012 polo importe total de 10.123,11 € procedente da supresión da paga extraordinaria do persoal municipal por aplicación do artigo 2 do Real decreto lei 20/2012, destinarase en exercicios futuros a realizar achegas a plans de pensións ou contratos de seguro colectivo que inclúan a cobertura da continxencia de xubilación, con suxeición ao establecido na Lei orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e nos termos e co alcance que se determine nas correspondentes leis de orzamentos.*

*A Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2015, na disposición adicional décimasegunda, establece con carácter básico e ao abeiro dos artigos 149.1.18<sup>a</sup>, 149.1.13<sup>a</sup> e 156.1 da Constitución, a recuperación de parte da paga extraordinaria e adicional do mes de decembro de 2012 do persoal do sector público. Cada Administración Pública, no seu ámbito, poderá aprobar, conforme ao mencionado proxecto normativo, o aboamento de cantidades en concepto da parcial recuperación dos importes efectivamente deixados de percibir como consecuencia da supresión da paga extraordinaria, así como da paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes, correspondentes ao mes de decembro de 2012, co alcance e límites establecidos na devandita disposición.*

*A aprobación por cada Administración Pública destas medidas encóntrase condicionada ao cumprimento dos criterios e procedementos establecidos na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Estabilidade Financeira, condición coa que cumpre o Concello de Chandrexa de Queixa, de conformidade coa documentación remitida na plataforma habilitada ao efecto na "Oficina virtual para la colaboración financiera con las entidades locales" do MINHAP.*

*O proxecto de Orzamento Xeral do Concello de Chandrexa de Queixa para 2015 contén consignacións de crédito abondo para atender o gasto que se derive da aplicación do presente Acordo.*

*Á vista desta información, esta Alcaldía ao abeiro da competencia que lle atribúe o artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, proponlle ao Pleno á adopción do seguinte acordo,*

**PRIMEIRO.** - *Aprobar o aboamento de cantidades en concepto de recuperación dos importes efectivamente deixados de percibir como consecuencia da supresión da paga extraordinaria, así como da paga adicional de complemento específico*



*ou pagas adicionais equivalentes, correspondentes ao mes de decembro de 2012, por aplicación do Real Decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupostaria e de fomento da competitividade, co alcance e límites que se establezan na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2015.*

*As cantidades que se aboan naqueles casos nos que non tivese procedido o recoñecemento da totalidade da paga extraordinaria e adicional de decembro de 2012, reduciranse proporcionalmente ao cómputo de días que tivese correspondido.*

**SEGUNDO.** - *Aos efectos previstos no apartado anterior, percibirase a parte proporcional correspondente aos primeiros 44 días da paga extraordinaria e, no seu caso, das pagas adicionais do complemento específico ou equivalentes do mes de decembro de 2012 que se suprimiu.*

**TERCEIRO.-** *Que se lle dea conta do presente acordo á Intervención municipal para que proceda a levar a cabo as anotacións contables e orzamentarias correspondentes"*

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal mixto, Sra. Barrueco Salvador, indica que non está de acordo en pagar só o 25% aos funcionarios e resto do persoal do Concello cando non se lles está facendo un favor xa que lles correspondía o 100% e que agora por ser eleccións se lles paga iso cando en realidade non se lles agasalla nada e continúa decindo que non cre que teña que facerse polo Pleno xa que se é dos traballadores do Concello debe dárselles o que lles corresponde e remata repetindo que non está de acordo co que se lles da.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e indica, que o Concello está cumprindo coa lei.

Non promovéndose máis debate, sometida esta proposta a votación, resultou aprobada por **maioría absoluta** (seis votos a favor do grupo municipal do PP e unha abstención do grupo mixto) **dos membros presentes da Corporación.**

## MOCIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS

Toma a palabra o Sr Alcalde-Presidente e indica, que vai responder as preguntas do pleno anterior.

A Sra. Barrueco Salvador pregunta se lle vai entregar unha copia do escrito.

Toma a palabra o Sr Alcalde-Presidente e responde, que non lle vai dar unha copia, igual que ela non lle da unha copia das súas preguntas, continúa decindo, que tampouco lle entrega unha copia das súas preguntas antes do Pleno.

A Sra. Barrueco Salvador indica que ela non ten por que darlle antes as preguntas.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e fai lectura do seguinte escrito:

"1.- Resposta á primeira pregunta

Que no pleno celebrado o día 14/12/2012, vostede presenta unha moción para modificar a partida orzamentaria destinada á expropiación de terreos para a captación de mananciais en Parafita (expediente que estaba en curso), non contra a decisión de captar a auga.

Que son conecedor da existencia da sentenza de data 9 de xullo de 2014, desde finais de novembro, polo que era imposible, tela comunicado en ningún pleno anterior.

Que este Concello, non perdeu ningún xuízo, xa que no mencionado procedemento, non era parte demandante nin demandada.

Que por parte desta alcaldía, ese proxecto nunca foi un antollo, senon unha decisión tomada, ca intención de: beneficiar a unha poboación duns 60 veciños da aldea de Celeiros (con vistas a aumentar) e atender aqueles servizos situados na capitalidade do municipio, sen a necesidade de pruxudicar a 10 veciños de Parafita, que xa contaban co pertinente

abastecemento, non habendo realizado investimento algún, na execución material da obra.

En relación ó escrito que vostede afirma ter, supoño, non asinado por todos os veciños de Parafita, nos que vostede di que afirman que intentei arruinar ás súas explotacións, gustaríame saber qué número de veciños asina o citado escrito, cantos deles teñen explotacións gandeiras importantes e destes, cantos viron diminuídas o prexudicadas ás súas explotacións, pola tramitación deste expediente.

A Sra. Barrueco Salvador indica que non se enterou e solicita que lle volva a ler a contestación.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e indica, que non o vai a repetir e continúa coa súa lectura.

## 2.- Resposta á segunda pregunta

En relación á súa afirmación, de que eu non sei de que van os decretos que asino, resulta bastante absurda e un verdadeiro disparate como vostede di, cando como se pode comprobar na acta de data 5 de setembro de 2014, consta o que dixen, o que se entende estupendamente sen necesidade de que vostede o interprete, que foi: que xa que a Sra. concelleira tivera tempo para poder preparar as preguntas, o que eu non tiven para estudarlas (por descoñecelas), procedería a contestar a estas, no próximo pleno, sendo incoherente que vostede pretenda que eu teña memorizados o 100 por 100 dos datos que constan nos numerosos expedientes dunha administración, estando na miña plena liberdade de estudar estes, antes de responder.

Que desde esta alcaldía sempre se informou ós veciños de todo aquilo que quiseron saber, ó igual que á oposición, oposición que non ven ós plenos a debatir, senon a interrompirla reiteradamente as intervencións do Alcalde, estando os asuntos do pleno para debatir e as preguntas, para contestar.

## 3.- Resposta á terceira pregunta

En relación ó expediente xudicial incoado contra Hostegesem, se lle comunica, que a súa tramitación, segue nas mans do pertinente xulgado.

Evidentemente, é a nosa intención, volver a reabrir ó complexo de Villa Celeiros, sendo este, un dos obxectivos desta alcaldía, habendo conseguido que a Deputación Provincial, aporte 40.000 €, para axudar á súa posta en funcionamento.

## 4.- Resposta á cuarta pregunta

Interpretando da súa pregunta, que quere saber que se vai a facer ca máquina de movemento de terras, debo decirlle que no caso de ser necesaria a súa actuación puntual, polo momento, a manexará o persoal que xa forma parte do cadro de persoal desta entidade local.

## 5.- Resposta á quinta pregunta

A obra de ampliación da estrada Celeiros-Embalse, foi adjudicada pola Diputación Provincial de Ourense (quen tramitou o expediente de contratación), á empresa Construcciones Benigno Álvarez, SL.

Que conste en acta, literalmente, traducido ó galego."

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal mixto, Sra. Barrueco Salvador, indica que non respondeu a todas as preguntas.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e indica, que si.

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal mixto, Sra. Barrueco Salvador, indica que non contestou a se se teña algunha autorización de Medio- ambiente e a por que se rechazaron as subvencións.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e indica, que iso xa se contestara no pleno anterior e que si que se ten a autorización.

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal mixto, Sra. Barrueco Salvador, indica que entón a pregunta de Medio- Ambiente a contesta de palabra.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e indica que si.

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal mixto, Sra. Barrueco Salvador, indica que é mentira o que dí no escrito xa que non lle deixa rebatir as preguntas e reitera que cando o señor Alcalde contesta non lle deixa rebatir despois a ela.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e indica, que se lle deu resposta ás súas preguntas.

A Sra. Barrueco Salvador indica que o Sr. Alcalde contesta por escrito as preguntas para que ela non poda rebatir.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e indica, que as preguntas non teñen réplica e lle solicita, que faga as preguntas do Pleno.

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal mixto, Sra. Barrueco Salvador, fai lectura das preguntas presentadas no mesmo Pleno, por escrito e que se recollen literalmente a petición da Sra concelleira:

"PRIMERA.- Sr. Alcalde el día 24 de mayo se celebran elecciones municipales, quiero preguntarle si piensa solicitar el transporte institucional gratuito que la Subdelegación del gobierno pone a disposición de todos los Ayuntamientos, espero que lo solicite".

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e indica, que si hai transporte público, se pedirá, pero que é a Subdelegación a que o manda e se o manda, se pedirá.

A Sra. Barrueco Salvador pregunta se rechazou o transporte público.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e reitera que se a Subdelegación manda o transporte público, pedirase e continúa decindo, que para as eleccións municipais nunca houbo transporte público.

SEGUNDA.- como se puede comprobar cada vez que se pasa por la pista que va desde el poblado de Celeiros a Casdiego, hay u olor insoportable, todos vemos como corren las aguas residuales de la poza séptica que está unos metros más arriba, por lo que le pregunto:

1.- Si usted cree que es normal que bajen las aguas fecales al lado de de una pista con el olor que dan.  
2.- Le propongo que se recojan esas aguas que salen de la fosa séptica con unas tuberías, para evitar así los malos olores, que se incrementan con la llegada del verano, y más teniendo en cuenta que a pocos metros están las viviendas privadas y un área recreativa del Ayuntamiento, y así nos evitamos que una inspección sanitaria puedan multar al Ayuntamiento. No sé si sabe cómo está la fosa séptica de Rabal, según he podido comprobar está con la tapa levantada echando toda la porquería por la tapa hacia el río de Rabal".

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e indica, que as augas que se verten, saen da fosa séptica, hacia unha propiedade privada, continúa decindo que isto xa se intentou canalizar e meter un tubo, pero que o terreo ó que da, non é público, xa que se trata dun terreo privado e indica que se intentará arranxar.

A Sra. Barrueco Salvador indica que iso pode traer problemas con Sanidade

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e indica que non, porque está legalizada e continúa decindo, que en relación á fosa de Rabal, xa se solicitou á Deputación, para que manden a un técnico, para que mire cómo arranxala, xa que é consecuencia das augas pluviais.

A Sra. Barrueco Salvador indica que da pena cómo estan esas fosas.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e indica que xa o recollen e que xa se está a mirar.

TERCERA. Sr. Alcalde con fecha 10 de febrero de 2015, se publica en el Diario Oficial de Galicia, RESOLUCIÓN de 29 de enero de 2015, de la Secretaría General Técnica de la Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, por la que se da publicidad a las ayudas concedidas al amparo de la Orden de 28 de julio de 2014 por la que se establecen las bases reguladoras para la concesión de ayudas a actividades, actuaciones o medidas de ayuntamientos incluidos en la Red Natura 2000, y su convocatoria para los años 2014 y 2015, cofinanciadas por el Fondo Europeo Agrícola de Desarrollo Rural.

Una vez leídas las subvenciones concedidas é comprobado que aparecen entre muchos Ayuntamientos los de Manzaneda, con 19.999,27,- Euros, Villariño de Conso con 20.000,- Euros, Montederramo 19.997,20,- Euros, Puebla

de Trives con 19.964,20,- Euros etc. Sin embargo uno de los Ayuntamientos con más terreno en Red Natura de la Provincia como es Chandrexa de Queixa, no está subvencionado ni siquiera con un euro, según mis informaciones, todo los Ayuntamientos que estamos en Red Natura tenemos el derecho a las subvenciones, y como se puede comprobar, con los ayuntamientos, antes mencionados, todos vecinos nuestros a este Ayuntamiento nos correspondería aproximadamente unos 20.000,- Euros por lo menos.

Ante estos hechos tan graves para mí y para nuestros vecinos, quiero hacerles las siguientes preguntas:

- 1.- ¿Cuál es el motivo, por el que no se concedió esa subvención a este Ayuntamiento siendo uno de los que más derecho tiene, o es que no se solicitó?.
- 2.- Sr. Alcalde queremos saber quién es el culpable de que este Ayuntamiento y por tanto los vecinos, perdamos una subvención de aproximadamente de 20.000,- Euros, supongo que usted es el principal responsable, o a caso son las funcionarias/os que usted el año pasado pagó en complemento de productividad la cantidad de 4.280,- Euros, y no supieron hacer su trabajo.
- 3.- ¿Tanto dinero nos sobra en este Ayuntamiento para perder en un año aproximadamente 50.000,- euros en subvenciones?.

Sr. Alcalde el próximo día 24 de mayo se celebran elecciones municipales, pienso que un Alcalde que en un año pierde aproximadamente 50.000,- Euros en subvenciones, por su culpa, debería de dejar ese sillón a otra persona, joven con más ganas de trabajar. Si yo fuera me caería la cara de vergüenza perder dichas subvenciones y después ir pedir el voto a los vecinos.

Que consten en acta literalmente sin traducir todas mis preguntas".

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e indica, que lle contestará no próximo Pleno, xa que o punto de rogos e preguntas é para facer preguntas e non para facer un discurso político, continúa decindo, que como a Sra. concelleira fixo un párrafo político, él contestaralle tamén politicamente e indica, que a subvención foi denegada, coma a outros concellos, tendo pedido este, para arranxar a antiga escola de Requeixo.

A Sra. Barrueco Salvador indica que solicitará a denegación porque lle parece moi sangrante que fagan isto.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e indica, que a subvención tamén lla denegaron a outros concellos e continúa decindo, que non fai falta que faga unha venda política, con isto, xa que non é o momento, non estando aínda en campaña electoral.

E non habendo máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde- Presidente levanta a sesión da que eu como Secretaria, dou fe.

O

Presidente

A Secretaria

Asdo. Francisco Rodríguez Rodríguez

Asdo: Laura Fernández Permuy